

ESTUDO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE

PAVIMENTACIÓN E AMPLIACIÓN DO CAMIÑO RURAL DE VILARREIS

PETICIONARIO : EXCMO CONCELLO DE MEAÑO

SITUACION : CONCELLO DE MEAÑO (PONTEVEDRA)

Supostos considerados no proxecto de obra a efectos da obrigatoriedade de elaboración de E.S. e S. o E.B.S. e S. Segundo o R.D. 1627/1997 sobre DISPOSICIÓN MINIMAS de Seguridad e Saúde nas obras de construción. BOE nº 256 de Outubro de 1997

1. Estimación do presuposto de execución por contrata.

Presuposto de Execución Material:	120.154,88€
Gastos Xerais 13,00 %:	15.620,13€
Beneficio Industrial 6,00 %:	7.209,29€
Total:	142.984,30€
Imposto sobre o Valor Engadido 21,00 %:	30.026,70€
Presuposto de Execución por Contrata:	173.011,00€

Ascende a presente estimación do P. de E. por C. a cantidade **CENTO SETENTA E TRES MIL ONCE EUROS (173.011,00 €)**

2. Supostos considerados a efectos do Art. 4. do R.D. 1627/1997.

- O presuposto de execución por contrata incluído no proxecto é igual ou superior a 450.000 € **NON**
- A duración estimada de días laborais é superior a 30 días, empregándose en algún momento a mais de 20 traballadores simultaneamente. **NON**
- Volume de man de obra estimada, entendendo por tal a suma dos días de traballo total dos traballadores da obra, é superior a 500. **NON**
- Obras de túneles, galerías, conducións subterráneas ou presas **NON**

1.- NECESIDADE DO ESTUDO:

A teor do exposto no Real Decreto 1.627/97, do 24 de outubro (B.O.E. no 256, do 25 de outubro de 1997), que derogou o Real Decreto 555/1986, do 21 de febreiro, e tratándose dunha obra de escavación, movemento de terras e construción de cunetas e pavimentación de camiños, e non sendo necesario redactar un Estudo de Seguridade e Saúde, dado o presuposto de contrata da presente obra, inferior a 450.759,08 € e tendo en conta que, aínda que a duración estimada da obra, é superior a 30 días, nunca vai ser necesario o emprego de máis de 20 traballadores de forma simultánea, nin os días de traballo do total dos traballadores, vai ser superior a 500, é polo que se redacta o presente Estudo Básico de Seguridade e Saúde.

2.- CARACTERÍSTICAS DAS OBRAS :

A presente obra ten como finalidade a de mellorar as condicións xerais do camiño rural de Vilarreis.

A efectos do Proxecto, o camiño comeza na estrada PO-9303 no lugar de Morouzos e remata no lugar de Abuín, con unha lonxitude de 875 metros.

Preténdese realizar un ensanche retranqueando as aliñacións ata os 4,00 m. ao eixe do actual camiño, por un marxe e polo outro ou incluso en tramos cara os dous márxenes, acadando 8,00 m. de sección total, salvo en tramos do mesmo, nos que por existir edificacións ou aliñacións consolidadas, a sección manterá os anchos actuais, tal e como se reflicte nos planos de obra.

Procederase ó retranqueo, construción e reconstrución dos muros existentes na aliñación proxectada, tanto polo marxe dereito como polo esquerdo.

Nas parcelas na que a diferenza de cota é significativa, unha vez desmontado o terreo, procederase á construción dos muros de contención con bloques de pedra granítica.

Os muros de peche das fincas, que non necesitan contención, ou que esta contención sexa moi pequena, realizaranse con filas de pedra de granito caravista, con recheo de formigón polo lado da contención.

Realizarase o retranqueo de 2 galpóns agrícolas, para deixalo na aliñación establecida.

Co ensanche afectaranse varios sistemas de viñado, que terán que trasladarse á aliñación proxectada.

Despois de realizar a reconstrución dos muros, procederase a realizar a sub-base nos ensanches con zahorra compactada e rega de imprimación e posteriormente procederase a pavimentar cunha nova capa de rodadura de 6 cm. de mestura bituminosa en quente todo o vial.

Posteriormente ó asfaltado, procederase á corrección das tapas de rexistro afectadas.

Ademais deixarase executada a instalación de saneamento para augas pluviais, con colocación de 23 sumidoiros de calzada e unha canalización con tubo de PVC de 315 mm. de diámetro, con 9 pozos de rexistro que se instalarán na conexión dos distintos tramos.

No lugar de Abuín procederase ó rebaixe da rasante en 90 cm., na parte máis desfavorable para mellorar a visibilidade, tal e como se sinala nos planos da obra. Nesta zona tamén se reforzará unha cuneta existente con moita altura, con dous muros de formigón e unha reixa de ferro fundido.

3.- XUSTIFICACIÓN DO NÚMERO DE TRABALLADORES E VOLUME DE MAN DE OBRA:

O número de traballadores estimados, é o seguinte:

Oficiais de primeira.	3
Operador de motoniveladora-excavadora.	1
Operador de camión –grua	1
Operador de compactador.	1
Condutores de cuba rego asfáltico.	1
Condutores de camión.	2
Peóns sen especializar.	4

TOTAL TRABALLADORES ESTIMADOS. 13

A suma dos días de traballo do total dos traballadores da obra, segundo a programación prevista nesta, é :

TRABALLO	OBREIROS	DÍAS
<i>Movemento de terras - Limpeza de estradas.</i>	<i>Conductor de retroexcavadora `conductor de camión + conductor de varredora + peón.</i>	12
<i>Reconstrución de muros</i>	<i>Conductor camión – grua + Peón sen especializar + 1 oficial</i>	35
<i>Capa rodaxe asfáltica (mestura).</i>	<i>Conductor cuba + Conductor camión + Peón sen especializar + Operador compactador + Encargado.</i>	15
<i>Instalación de Pluviais</i>	<i>2 peóns + 1 oficial + Conductor de retroexcavadora.</i>	14
<i>Corrección tapas de rexistro</i>	<i>1 oficial + 2 peóns + conductor de camión</i>	10
TOTAL NÚMERO DE DÍAS.		86

4.- NORMAS DE SEGURIDADE E SAÚDE, APLICABLES Á OBRA:

- Estatuto dos traballadores. -----
- Ordenanza Xeral de Seguridade e Hixiene no Traballo (O.M. de 09/03/71, B.O.E. de 16/03/71), agás os Títulos I e II, derogados pola Lei 31/95. -----
- Plan Nacional de Hixiene e Seguridade no Traballo (O.M. 09/03/71, B.O.E. 11/03/71). -----
- Regulamento de Seguridade e Hixiene na Industria da Construción (O.M. de 20/05/52, B.O.E. 15/06/52). -----
- Regulamento dos Servizos Médicos de Empresa (O.M. de 21/11/59, B.O.E. 27/11/59). -----
- Ordenanza de Traballo da Construción Vidro e Cerámica (O.M. de 28/08/70, B.O.E. 5-7-8 y 9/09/70). -----
- Homologación de Medios de Protección Persoal dos Traballadores (O.M. de 17/05/74, B.O.E. 29/05/74). -----
- Regulamento de Explosivos (R.D. 2.114/78, de 02/03/78, B.O.E. 07/09/78). -----
- Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión (O.M. de 20/09/73, B.O.E. 09/10/73). -----
- Regulamento de Liñas Aéreas de Alta Tensión (O.M. de 28/11/68). -----
- Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira (R.D. 863/85, de 02 de abril, e Ordes anteriores, aprobando as Instrucións Técnicas Complementarias, B.O.E. 12/06/85). -----
- Regulamento sobre Condicións Técnicas e Garantías de Seguridade en Centrais Eléctricas e Centros de Transformación (R.D. 3.275/82 e Ordes posteriores, aprobando as Instrucións Técnicas Complementarias, B.O.E. 01/12/82). -----
- Convenio Colectivo Provincial de Construción. -----
- Regulamento de Recipientes a Presión (R.D. 2.443/69, de 16/08/69, B.O.E. 28/10/69). -----
- Lei 31/95, do 08 de novembro, sobre Prevención de Riscos Laborais. -----
- R.D. 39/97, do 17 de xaneiro. Regulamento dos Servizos de Prevención. -----
- Directiva 92/57, CEE., do 24 de xuño. -----
- Convenio N^o 155 OIT. de xuño do 81 (ratificado en 26 de xuño de 85). -----
- Convenio N^o 62 OIT. do 23 de xuño do 37 (ratificado o 23 de xuño de 58). -----
- R.D. 1.215/97, do 18 de xullo. Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde en Equipos de Traballo. -----

- R.D. 773/97, do 30 de maio. Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde a utilizar por Traballadores de Equipos de Protección Individual. -----
- R.D. 1.627/97, do 24 de outubro. Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde en Obras de Construción (B.O.E. nº 256, do 25 de outubro).-----
- D. 432/71, de 11/03/71 (B.O.E. 16/03/71). Comités de Seguridade e Hixiene no Traballo.-----
- Regulamento de Aparatos Elevadores para Obras (O.M. de 23/05/77, B.O.E. 14/06/77).-----
- Ordenanzas Municipais.-----
- R.D. 485/97, do 14 de abril. Disposicións Mínimas en Sinalización de Seguridade e Saúde no Traballo.-----
- R.D. 486/97, do 14 de abril. Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde en Lugares de Traballo. -----
- O.M. de 31/08/87 (B.O.E. nº 224, de 18/09/87), sobre sinalización, balizamento, defensa, limpeza e terminación de obras fixas, fóra de poboado.----
- R.D. 1.495/86, do 26 de maio. Regulamento de Seguridade nas Máquinas. -----
- Regulamento 1.316/89, do 27 de outubro. Protección dos traballadores, fronte aos riscos de exposición ao ruído.-----
- Todas aquelas Normas UNE e IZO, que sexan de obrigado cumprimento. -----

5.- RISCOS LABORAIS EVITABLES E MEDIDAS TÉCNICAS A ADOPTAR:

Tendo en conta que se trata dunha obra de construción, na cal se van efectuar traballos de movemento de terras, transporte, construción de obras de fábrica e regos asfálticos, existen unha serie de riscos laborais que son evitables, aplicando unhas medidas técnicas mínimas:

TRABALLO	RISCO	MEDIDA
<i>Roza. Desmonte. Transporte Cunetas. Terraplén. Superestrutura</i>	<i>Atropelo.</i>	<i>Non traballar preto máquina. Sinal acústico marcha atrás.</i>
	<i>Atrapamento.</i>	<i>Non traballar preto máquina. Sinal acústico marcha atrás.</i>
	<i>Colisión.</i>	<i>Sinalización axeitada.</i>
	<i>Xiro.</i>	<i>Recoñecemento previo do terreo. Barras antixiro maquinaria. Cabina de seguridade. Rede antiácidas.</i>
	<i>Caídas en altura.</i>	<i>Varanda de protección. Cinto de seguridade. Rede antiácidas. Fitas balizamento.</i>
	<i>Desprendementos.</i>	<i>Refino noiros. Pendentes noiros. Construción de bermas. Uso de casco.</i>
	<i>Caídas obxectos</i>	<i>Colocación de marquesiña. Rede antiácidas. Colocación correcta de abastos. Colocación correcta ferramentas. Colocación correcta de equipos. Uso de casco.</i>
<i>Capa rodadura.</i>	<i>Queimaduras.</i>	<i>Luvas antitérmicas. Botas illantes.</i>
	<i>Salpicaduras.</i>	<i>Mandil impermeable.</i>
	<i>Vapores.</i>	<i>Máscaras goma filtro.</i>

Existe outra serie de riscos, que sen ser intrínsecos dun traballo determinado, afectan a todos dalgún xeito:

TIPO	RISCO	MEDIDA
<i>Riscos climáticos</i>	<i>Chuvia.</i>	<i>Roupa impermeable.</i>
	<i>Auga - barro.</i>	<i>Botas de auga.</i>
	<i>Xeo - neve.</i>	<i>Calzado antideslizante.</i>
	<i>Raio</i>	<i>Evitar proximidade a árbores e maquinaria.</i>
<i>Liñas eléctricas</i>	<i>Electrocución.</i>	<i>Sinalización.</i>
		<i>Pórticos de delimitación de altura.</i>
<i>Danos a terceiros.</i>	<i>Atropelo.</i>	<i>Aviso de obras.</i>
	<i>Colisións.</i>	<i>Sinalización de estrada.</i>
	<i>Accidentes imprevistos.</i>	<i>Maquinaria a punto. Botica de primeiros auxilios primeiros auxilios.</i>
<i>Maquinaria</i>	<i>Xeral.</i>	<i>Incendios.</i>
		<i>Extintores.</i>
		<i>Maquinaria e ferramentas ben proxectada e construída.</i>
		<i>Mantemento de maquinaria.</i>
		<i>Utilización correcta.</i>
		<i>Formación axeitada do persoal.</i>
		<i>Evitar a fatiga nos operarios.</i>
		<i>Carcasa protectora de motores.</i>
<i>Non superar límite capacidade máquina. Sinais seguridade: Stop, maquinaria en movemento, uso obrigatorio casco, prohibido o paso, etc.</i>		

É obrigatorio dispoñer en lugar de traballo, dos teléfonos de Médicos, Centros Sanitarios, Ambulancias e Paradas de Taxis, máis próximos.

6.- RISCOS LABORAIS NON EVITABLES, MEDIDAS PREVENTIVAS E PROTECCIÓN TÉCNICAS:

Existe outra serie de riscos, que sen ser intrínsecos dun traballo determinado, afectan a todos dalgún xeito:

TRABALLO	RISCO	MEDIDA-PROTECCIÓN	EFICACIA
<i>Roza. Desmonte terra. Transporte. Cunetas. Terraplén. Superestrutur<u>a</u>. Desmonte rocha.</i>	<i>Po</i>	<i>Regos. Máscara antipo auto filtrante.</i>	<i>Boa. Boa.</i>
	<i>Ruído Vibracións operarios</i>	<i>Protector auditivo Cinto antivibratorio</i>	<i>Boa. Boa.</i>
	<i>Explosións.</i>	<i>Deseño voadura. Aviso sonoro voadura. Vixilancia.</i>	<i>Aceptable. Aceptable. Aceptable.</i>
	<i>Ruído.</i>	<i>Protector auditivo. Detonadores con retardo</i>	<i>Boa. Boa.</i>
	<i>Po.</i>	<i>Captadores de po. Cargas explosivas reducidas. Voaduras volumes de rocha escasos. Lentes antiproxeccions.</i>	<i>Moi boa. Aceptable. Aceptable.</i>
			<i>Aceptable.</i>

7.- MEDICINA PREVENTIVA E PRIMEIROS AUXILIOS

Boticas de primeiros auxilios

Disporase dunha botica de primeiros auxilios contendo o material especificado na ordenanza xeral de seguridade e hixiene no traballo.

Asistencia a accidentados

Deberase informar na obra dos diferentes Centros Médicos (servizos propios, Mutuas Patronais, Mutualidades Laborais, Ambulatorios, etc) onde deberá trasladarse aos accidentados para o seu máis rápido e efectivo tratamento.

É moi conveniente dispoñer na obra, e en sitio ben visible, dunha lista cos teléfonos e direccións dos centros asignados para urxencias, ambulancias, taxis, etc., para garantir un rápido transporte dos posibles accidentados aos centros de asistencia.

Recoñecemento Médico

Todo o persoal que empece a traballar na obra, deberá pasar un recoñecemento médico previo ao traballo e que será repetido no período dun ano.

Analizarase a auga destinada ao consumo dos traballadores para garantir o seu potabilidade, se non provén da rede de abastecemento da poboación.

Emerxencias

Debe dispoñerse dun cartel claramente visible en el que se indiquen los centros asistenciais máis próximos a obra en caso de accidente.

Centro Saúde Meaño

CENTRO DE SAUDE DE MEAÑO

Covas, 24 , 36968 , AS COVAS , MEAÑO (PONTEVEDRA

986747361

Hospital Provincial Pontevedra

Rúa Loureiro Crespo - PONTEVEDRA • 36002

Telf. 986807000

Emerxencias:

Emerxencias: Teléfono 112

Información Toxicolóxica: Teléfono 915 620 420

Bombeiros: Teléfono 080

Policía Local: Teléfono 092

Garda Civil: Teléfono 062

Policía Nacional: Teléfono 091

Protección Civil: Teléfono 006

8.- PREVENCIÓN DE RISCOS DE DANOS A TERCEIROS

Sinalizarase, de acordo coa normativa vixente, o enlace coas estradas e camiños, tomándose as axeitadas medidas de seguridade que cada caso requira.

Sinalizaranse os accesos naturais á obra, prohibíndose o paso a toda persoa allea a esta, colocándose no seu caso os cerramentos necesarios e a vixilancia que proceda para evitar a entrada de persoas alleas, mesmo cando non se estea a traballar nesta.

En evitación de posibles accidentes a terceiros colocaranse os oportunos sinais de advertencia de saída de camións e de limitación de velocidade na estrada, ás distancias regulamentarias do entroncamento con ela.

Se algún camiño ou zona puidese ser afectada por proxeccións de pedras nas voaduras, establecerase o oportuno servizo de interrupción do tránsito, así como os sinais de aviso e advertencia que sexan precisas.

9.- PREVISIÓNS E INFORMACIÓNS ÚTILES PARA EFECTUAR OS TRABALLOS CON SEGURIDADE. NORMAS PARTICULARES PARA O USO DA MAQUINARIA:

1.- RETROESCAVADORA:

- Utilizar a máquina axeitada, ao traballo a realizar: de cadeas en terreos brandos, con percorridos curtos ou sen desprazamentos e de rodas, en terreos duros e abrasivos, materiais soltos e percorridos longos ou de desprazamento continuo.
- As retroescavadoras están deseñadas tanto para cargar, coma para escavar, se están dotadas do equipo axeitado. Debido á lonxitude da pluma, teñen o centro de gravidade bastante elevado, polo que teñen grande predisposición ao xiro, se se omiten as medidas de seguridade. Todas as máquinas en evolución, deberán extraer e afianzar en terra, os parrulos de estabilización.
- As retroescavadoras non deben superar as pendentes superiores ao 20% en terreos húmidos e, ao 30%, en terreos secos, pero deslizantes.
- Non se debe escavar nas proximidades dos apoios da máquina, debido ao risco de xiro.
- Ao cargar materiais sobre camión, o cazo non debe pasar nunca sobre a súa cabina.
- En apertura de gabias, débese poñer especial atención no esteamento de seguridade, que evite os derrubamentos.
- Comprobar o tensado de cadeas ou a presión dos pneumáticos.
- Sinalizar as zonas de perigo ou posible xiro. Uso do sinalista.
- O maquinista será un traballador cualificado e deberá ir provisto de casco de seguridade, calzado antideslizante, cinto antivibratorio e protector auditivo.
- Todas as retroescavadoras deberán ir equipadas cun sinal acústico de marcha atrás.

2.- MOTO NIVELADORA:

- O operador da moto niveladora, ha de ser un obreiro especializado e habituado ao seu uso.
- Non debe empregarse nunca como buldózer, xa que están deseñadas para mover materiais lixeiros e realizar refinados e aperturas de cunetas.
- O refino de noiros debe realizarse cada 2 ou 3 mts. de altura, xa que dese modo, se traballa mellor, máis rápido e evítanse desprendementos.
- Non se deben superar pendentes laterais superiores ao 40%.
- O maquinista irá dotado de casco de seguridade, botas antideslizantes, cinto antivibratorio e protector acústico.
- Deberá ir provista dun sinal acústico de marcha atrás.

3.- ROLO COMPACTADOR:

A maquinaria de compactación ten un elevado índice de accidentes, debido a que se trata dun traballo monótono, que cansa ó operario e a que estas máquinas teñen o centro de gravidade, relativamente alto, o que as fai moi inestables á hora de salvar pequenos desniveis.

- ➔ As máquinas deberán ir provistas de barras antixiro ou cabinas de seguridade. --
- ➔ O maquinista será un obreiro especializado. Ás ser posible, rotarase ao persoal para evitar a súa fatiga.
- ➔ O maquinista irá dotado de casco de seguridade, botas antideslizantes, cinto antivibratorio e protector auditivo.
- ➔ Terase especial precaución na compactación de terreos próximos a grandes noiros en terraplén.

4.- MAQUINARIA DE TRANSPORTE:

Os transportes poden ser de materiais ou de persoal, remitíndonos neste último caso, ao Código de Circulación, suficientemente claro ao respecto. Referirémonos polo tanto aos camións caixa abatible, dúmpers, camións de caixa non basculante, remolques, plataformas, bañeiras, etc.

- ➔ Para efectuar reparacións co basculante levantado, deben empregarse sistemas de seguridade que impidan o desblocaxe e caída da caixa, tales como puntais, perfís calzados, cadeas de sustentación, etc.
- ➔ Cando se bascula en vertedoiros con grandes desniveis, débense colocar topes de seguridade que limiten o percorrido cara a atrás; esta operación debe realizarse co freo de estacionamento.
- ➔ Rematada a descarga, e antes de iniciar a marcha, é imprescindible baixar o basculante.
- ➔ En operacións de carga, nos vehículos dotados de viseira protectora, o condutor pode permanecer dentro da cabina; cando o vehículo carece desta protección, o condutor permanecerá fóra dela.
- ➔ Todos os vehículos deben ir dotados de luz e sinal acústico de marcha atrás.
- ➔ Durante os traballos de carga e descarga, non deberán permanecer persoas na proximidade das máquinas, para evitar o risco de atropelo ou esmagamento.

- É fundamental elixir o tipo de camión axeitado á carga que se lle vai facilitar.
- Terá sempre preferencia de paso a unidade que vaia cargada.
- Os traballos deben realizarse sempre na posición axeitada: as pas de rodas articuladas, traballarán perpendiculares ao eixe de carga; as pas de rodas de chasis ríxido e as de cadeas, deben traballar cun ángulo de 150 °, ao eixe de carga.
- Débese ter especial precaución cos pneumáticos, vixiando a súa presión, grao de desgaste ou tipo, segundo o traballo que se vaia realizar.
- O condutor deberá ir dotado dos medios de seguridade persoal axeitados.

5.- FORMIGONEIRA ELÉCTRICA:

- As formigoneiras situaranse nos lugares salientados para tal efecto nos planos de organización de obra.
- As formigoneiras a utilizar nesta obra, terán protexidos mediante unha carcasa metálica os órganos de transmisión -correa, coroa e engrenaxes- para evitar os riscos de atrapamento.
- As carcasas e demais partes metálicas da formigoneira estarán conectadas a terra.
- A botoeira de mandos eléctricos da formigoneira será de accionamento estanco, en prevención de risco eléctrico.
- As operacións de limpeza directa-manual, efectuarase logo de desconexión de rede eléctrica de formigoneira, previsión de risco eléctrico e de atrapamentos.
- As operacións de mantemento estarán realizadas por persoal especializado para tal fin.

PROTECCIÓNS PERSOAIS.

- Casco de polietileno.
- Lentes de seguridade.
- Roupa de traballo.
- Luvas de goma ou P.V.C.
- Botas de seguridade de goma ou P.V.C.
- Traxes impermeables.
- Máscara con filtro mecánico recambiable.

6.- FERRAMENTAS MANUAIS:

- ➔ As ferramentas manuais utilizaranse naquelas tarefas para as que foron concibidas.
- ➔ Antes do seu uso revisaranse, desbotándose as que non estean en bo estado de conservación.
- ➔ Manteranse limpas de aceites, graxas, e outras substancias deslizantes.
- ➔ Para evitar caídas, cortes ou riscos análogos colocaranse no portaferamentas ou estantes axeitados.
- ➔ Durante o seu uso evitarase o seu depósito arbitrario polos chans.
- ➔ Os traballadores recibirán instrucións concretas sobre o uso correcto das ferramentas que haxan de utilizar.

PROTECCIÓNS PERSOAIS.

- ➔ Cascos.
- ➔ Botas de seguridade.
- ➔ Luvas de coiro ou P.V.C.
- ➔ Roupa de traballo.
- ➔ Lentes contra proxección de partículas.
- ➔ Cintos de seguridade.

PREGO DE CONDICIÓN

1.- DISPOSICIÓN LEGAIS DE APLICACIÓN

Son de obrigado cumprimento as disposicións contidas en:

- Estatuto dos Traballadores
- Ordenanza Xeral de Seguridade e Hixiene no Traballo (O.M. 9-3-71) (B.O.E. 16-3-71)
- Plan Nacional de Hixiene e Seguridade no Traballo (O.M. 9-3-71) (B.O.E. 11-3-71)
- Comités de Seguridade e Hixiene na Industria da Construción (O.M. 20-5-52) (B.O.E. 15-6-52)
- Regulamento dos Servizos Médicos de Empresa (O.M. 22-11-59) (B.O.E. 27-11-59)

- Ordenanza de Trabajo da Construción, Vidro e Cerámica (O.M. 28-8-70) (B.O.E. 5-7-8 y 9-09-70)
- Homologación de medios de protección persoal dos traballadores (O.M. 17-5-74) (B.O.E. 29-5-74)
- Regulamento Electrotécnico de baixa tensión (O.M. 20-9-73) (B.O.E. 9-10-73)
- Regulamento de aparatos elevadores para obras (O.M. 23-5-77) (B.O.E. 14-6-77)
- Convenio Colectivo Provincial da Construción.
- Obrigatoriedade da inclusión dun Estudio de Seguridade e Hixiene no Trabajo nos proxectos de edificación e obras públicas (Real Decreto 555/1986, 21-2-86) (B.O.E. 21-3-86)

2.- CONDICIÓN DOS MEDIOS DE PROTECCIÓN

Tódalas garantías de protección persoal ou elementos de protección colectiva, terán fixado un período de vida útil, desbotándose ao seu termo.

Cando polas circunstancias do traballo se produza unha deterioración máis rápida nunha determinada garantía ou equipo, reporase este, independentemente da duración prevista ou data de entrega.

Toda garantía ou equipo de protección que sufrira un trato límite, é dicir, o máximo para o que foi concibido (por exemplo, por un accidente) será desbotado e repostado ao momento.

Aquelas garantías que polo seu uso adquiriran máis folgas ou tolerancias das admitidas polo fabricante, serán repostas inmediatamente.

O uso dunha garantía ou equipo de protección nunca representará un risco en si mesmo.

3.- PROTECCIÓN ESPECIAIS

Todo elemento de protección persoal, se axustará ás Normas de Homologación do Ministerio de Trabajo (O.M. 17-5-74) (B.O.E. 29-5-74), sempre que exista no mercado.

Nos casos en que non exista Norma de Homologación oficial, serán de calidade axeitada ás súas respectivas prestacións.

4.- PROTECCIÓNS COLECTIVAS

Pórticos Limitadores de Gálibo

Disporán de dintel debidamente sinalizado.

Valla Autónomas de Limitación e Protección

Terán como mínimo 90 cm. De altura, estando construída a base de tubos metálicos.

Topes de desprazamento de vehículos

Poderanse realizar cun par de taboleiros embridados, fixados ao terreo por medio de redondos fincados a este, ou doutra forma eficaz.

Redes

Serán de poliamida. As súas características xerais serán tales que cumpran, con garantía, a función protectora para a que están previstas.

Redes Perimetrais

A protección do risco de caída ao baleiro polo bordo perimetral farase mediante a utilización de pescantes tipo forca.

O extremo inferior da rede, ancorarase a galla de ferro embebidas no forxado. As redes serán de poliamida, protexendo as plantas de traballo, a corda de seguridade deberá ser como mínimo de 3 mm. de diámetro.

Corredores de seguridade

Poderán realizarse a base de pórticos con pés dereitos e lintel a base de taboleiros, firmemente suxeitos ao terreo e cuberto leite calado de taboleiros. Estes elementos tamén poderán ser metálicos (os pórticos a base de tubo ou perfís e a cuberta de chapa).

Mallazos

Os ocos interiores protexeranse con mallazo de resistencia e malla axeitada.

Varandas

As varandas rodearán o perímetro da planta desencofrada. Deberá ter a suficiente resistencia para garantir a retención das persoas.

Lonas

Serán de boa calidade e de grande resistencia á propagación da lapa.

Cables de Suxeición de Cinto de Seguridade e as súas Ancoraxes

Terán suficiente resistencia para soportar os esforzos a que poidan ser sometidos de acordo coa súa función protectora.

Plataformas de Traballo

Terán como mínimo 60 cm. De ancho e as situadas a máis de 2,00 m. do chan estarán dotadas de varandas de 80 cm. de altura, listón intermedio e rodapé.

Escaireiras de Man

Deberán ir provistas de zapatas antideslizantes.

Plataformas Voadas

Terán a suficiente resistencia para a carga que deban soportar, estarán convenientemente ancoradas e dotadas de varanda.

Servizo Técnico de Seguridade e Hixiene

A obra deberá contar cun Técnico de Seguridade, en réxime permanente, a misión da cal será a prevención de riscos que poidan presentarse durante a execución dos traballos e asesorar o Xefe de Obra sobre as medidas de seguridade a adoptar. Así mesmo, investigará as causas dos accidentes acontecidos para modificar os condicionantes que os produciron para evitar a súa repetición.

Interruptores Diferenciais e Tomas de Terras

A sensibilidade mínima dos interruptores diferenciais será para iluminación de 30 mA e para forza de 300 mA. A resistencia das tomas de terra non será superior á que garanta, de acordo coa sensibilidade do interruptor diferencial, unha tensión máxima de 24 V.

Medirase a súa resistencia periodicamente e, polo menos, na época máis seca do ano.

Extintores

Serán adecuados en axente extintor e tamaño ao tipo de incendio previsible, e revisaranse cada seis meses como máximo.

Medios Auxiliares de Topografía

Estes medios tales como fitas, fitos, miras, etc., serán dieléctricas, dado o risco de electrocución polas liñas eléctricas.

5.- COORDINADOR E COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE

Nomearase Coordinador de Seguridade de acordo co previsto no Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establece as disposicións mínimas sobre seguridade e saúde nas obras de construción.

Obrigatoriamente constituirase o Comité cando o número de traballadores supere o previsto na Lei de Prevención de Riscos Laborables ou, no seu caso, o que dispoña o Convenio Colectivo Provincial.

6.- INSTALACIÓNS MÉDICAS

Disporase dun local destinado a botica de primeiros auxilios central, equipada co material sanitario e clínico para atender calquera accidente, ademais de todos os elementos precisos para que o A.T.S. desenvolva o seu labor de asistencia aos traballadores e demais funcións necesarias para o control da sanidade na obra.

A botica de primeiros auxilios revisarase mensualmente e reporase inmediatamente o material consumido.

7.- INSTALACIÓNS DE SAÚDE E BENESTAR

As instalacións de saúde e benestar adaptaranse no relativo a elementos e dimensións e características ao especificado nos Art. 39, 40, 41 e 42 da Ordenanza Xeral de Seguridade e Hixiene e 335, 336 e 337 da Ordenanza Laboral da Construción, Vidro e Cerámica.

Para o servizo da limpeza destas instalacións hixiénicas, responsabilizarase unha persoa, a cal poderá alternar este traballo con outros propios da obra.

8.- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE

O Contratista está obrigado a redactar un Plan de Seguridade e Saúde, adaptando a este Estudio, aos seus medios e métodos de execución.

O devandito Plan deberá ser aprobado pola Dirección Facultativa da obra, quen comprobará a súa aplicación práctica.

9.- LIBRO DE INCIDENCIAS

- 1) En cada centro de traballo existirá con fins de control e seguimento do plan de seguridade e saúde un libro de incidencias que constará de follas por duplicado, habilitado ao efecto.
- 2) O libro de incidencias será facilitado por:
 - a) Colexio profesional ao que pertenza o técnico que aprobara o plan de seguridade e saúde.
 - b) A Oficina de Supervisión de Proxectos ou órgano equivalente cando se trate de obras das Administracións Públicas.
- 3) O libro de incidencias, que deberá manterse sempre na obra, estará en poder do coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra ou, cando non fose necesaria a designación de coordinador, en poder da dirección facultativa. Ao devandito libro terán acceso a dirección facultativa da obra, os contratistas e subcontratistas e os traballadores autónomos, así como as persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervenientes na obra, os representantes dos traballadores e os técnicos dos órganos especializados en materia de seguridade e saúde no traballo das Administracións públicas competentes, os que poderán facer anotacións no mesmo, relacionadas cos fins que ao libro se lle recoñecen no apartado 1.
- 4) Efectuada unha anotación no libro de incidencias, o coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra ou, cando non sexa necesaria a designación de coordinador, a dirección facultativa, estarán obrigados a remitir, no prazo de vinte e catro horas, unha copia á Inspección de Traballo e Seguridade Social da provincia en que se realiza a obra. Igualmente deberán notificar as anotacións no libro ao contratista afectado e aos representantes dos traballadores deste.

PRESUPOSTO

O presuposto de seguridade e saúde está incluído nun capítulo independente no presuposto e ascende a cantidade de MIL DOUSCENTOS CORENTA E TRES CON NOVENTA E UN CENTIMOS (1.243,91 €)

En A Estrada, a día 23 de Xuño de 2014

Ado.: GABINO GRANDE TORO
ENXEÑEIRO T. AGRICOLA (Colex. 854)
ENXEÑEIRO AGRONOMO (Colex. 761)